



Yuisa Villalta

4º Educación Primaria

Día das letras galegas 2024

Luísa Villalta Gómez naceu na Coruña, na rúa Vila de Laxe, o 15 de xullo de 1957. De pequena estudou na súa cidade natal, no colexio das Xosefinas e no instituto Eusebio da Guarda.

Na Universidade de Santiago de Compostela licenciouse en Filoloxía Hispánica e Filoloxía Galego-Portuguesa. Aprobou as oposicións para profesora de secundaria e impartiu clases de galego nos institutos de Perillo, Canido e Sada.

Foi colaboradora en moitas publicacións galegas: A Nosa Terra, Man Común, Grial, Luzes de Galicia... O *Libro das colunas* recolle os seus artigos publicados no xornal A Nosa Terra.

Participou activamente en entidades que defendían o noso idioma: a Asociación de Escritores en Lingua Galega e na Mesa pola Normalización Lingüística.


Tamén foi unha grande intérprete de violín e formou parte da Orquestra de Santiago de Compostela e da Xove Orquestra de Galicia.

O seu primeiro libro foi unha obra de teatro, *Concerto para un home só*, ao que seguiron unha chea de libros de poesía, narrativa, teatro, ensaio...

Pola defensa da cultura de Galicia e do idioma galego a Real Academia Galega dedícalle, o 17 de maio, Día das Letras Galegas.



Luísa Villalta Gómez foi profesora en varios institutos da provincia da Coruña.



O primeiro libro editado por Luísa foi *Concerto para un home só*, unha obra de teatro.

ACTIVIDADES

1. Que sabes de Luísa Villalta?

En que instituto estudou secundaria?

Que carreira estudou en Santiago de Compostela?

En que libro se recollen os seus artigos publicados no xornal *A Nosa Terra*?

Cales son as dúas entidades, defensoras do idioma galego, nas que participou? Coloréaaas.



asociación de
**escritoras
escritores**
en lingua galega



Que instrumento musical tocaba?


Cal era o título do seu primeiro libro? Subliña.

PASEANDO POLO RÍO MONELOS

CANCIÓNS DO GALO CANTOR

CONCERTO PARA UN HOME SÓ

2. Resolve o encrucillado de Luísa Villalta.



HORIZONTAIS

1. Instrumento musical que tocaba Luísa.
2. Universidade galega na que estudou.
3. Concello, preto da Coruña, onde traballou como profesora.
4. Unha das revistas nas que colaborou.
5. O seu primeiro libro *Concerto para un home* só foi unha obra de...
6. Naceu na rúa coruñesa Vila de ...
7. Foi colaboradora do xornal A Nosa ...
8. De que idioma foi profesora nos institutos?


1. VIOLÍN 2. SANTIAGO 3. OLEIROS 4. LUZES
5. TEATRO 6. LAXE 7. TERRA 8. GALEGO

3. Localiza neste caldo de letras as palabras relacionadas coa biografía de Luísa Villalta que aparecen no recadro.

**INSTITUTO
SADA
GRIAL
MESA
ORQUESTRA
VIOLÍN
GALEGO
CORUÑA**






4. Que camiño terá que coller Luísa para chegar á clase no instituto Eusebio da Guarda?



5. Ilustra o cartel para o Día das Letras Galegas 2024.

*Día das
Letras Galegas
17 de maio de 2024
LUÍSA VILLALTA*

6. Recorta e compón o crebacabezas de Luísa Villalta. Colorea.



AS CHAVES DO TEMPO

.XVII

...

A través da xanela víanse pasar nubes, a moita velocidade, dando luz e sombra alternadamente á estancia. Logo veu a noite, pero axiña veu o día outra vez. As árbores medraban ostensiblemente, movíanse as ramas e expandíanse as follas. A madeira do chan facía ruídos, como se insectos ou ratos andasen a rillala por dentro. De cando en cando caía como unha chuvieira que axiña secaba. Outra vez veu a noite. Os tres continuaron bebendo até que a botella ficou baleira. Pasarían como setenta veces sete días, a contar polo número de ocasións en que saíu o sol e desapareceu, cando Merlín retomou a palabra. -«Agora que sabedes o noso gran misterio, podedes preguntarme o que queirades».

Don Pedro tadou algo tamén en recuperar a fala. Sen conciencia do tempo meditou e, despois de minutos que quizá fosen anos, contestou:

-«Supoño que non fai falta contar todo o que pasou desde que o meu pai, o rei don Arturo...»

-«O Vello», interrompeu Merlín.


-«O Vello», confirmou don Pedro.

ACTIVIDADES

1. As árbores tamén nos dan a madeira que empregamos para diferentes usos. Atopa neste caldo de letras algúns obxectos que se poden facer con madeira e que aparecen no recadro.

**MESA
CULLER
VASO
FRAUTA
FAGOT
ESCALEIRA
LÁMPADA
CADEIRA**

**Z B C A D E I R A
L X H C M F Z B L
F N G V S R V C A
M E S A X A C U M
B H L S D U N L P
F A G O T T M L A
Z N G X C A L E D
E S C A L E I R A**



2. Comprendiches o texto?

☐ Que se vía pasar pola xanela? _____

☐ Que lles pasaba ás árbores? _____

☐ Que caía de cando en cando? _____

☐ Quen tardou en recuperar un pouco a fala? _____


☐ Como lle chamaban ao rei don Arturo? _____

3. Ordena as partes do día que aparecen no recadro.

**mañanciña mediodía tardiña alborada
noite luscofusco tarde**

1 ▶ a _____ **4 ▶ tardi** _____
2 ▶ ma _____ **5 ▶ tar** _____
3 ▶ me _____ **6 ▶ l** _____
7 ▶ n _____

4. Os ratos son animais roedores que habitan nos nosos bosques e que non teñen moi boa sona, así e todo existen moitos que son famosos polo cine, a tele ou a literatura. Escribe o nome dalgún deles e fai o seu debuxo.




5. Como se chama o momento do día, entre o día e a noite en que a luz desaparece case por completo e as cousas se perciben como sombras?

S L U O U S F C U

8 5 7 2 9 1 4 6 3

5 7 1 6 2 4 3 8 6 2



6. «As árbores medraban ostensiblemente, movíanse as ramas e expandíanse as follas». Que tempo cres que faría para que as árbores estivesen dese xeito?

7. «Pasarían como setenta veces sete días, a contar polo número de ocasións en que saíu o sol e desapareceu». Que quere dicir Luísa Villalta con este texto? Colorea.

Que había ballóns moi fortes e se facía de noite, pero escampaba e saía o sol.

Que estiveron moito tempo alí.

Que quedaban durmidos e ao espertar xa era día.

8. No texto fálase de «setenta veces sete días». Saberías averiguar cantos días son?

Son _____ días



Contesta agora a estas preguntas:

Cantos anos ten un século? ► _____ anos

Cantos anos ten un lustro? ► _____ anos

Cantos días ten o mes de febreiro? ► ____ ou ____ días

Cantos días ten unha semana? ► _____ días

Cantas horas ten un día? ► _____ horas


Cantos minutos ten unha hora? ► _____ minutos

Cantos segundos ten un minuto? ► _____ segundos


9. Sabes o que é a velocidade? Que significa que un coche vai a 80 km/h?

Un coche vai a 120 km/h. Se ten que percorrer 480 quilómetros. Cantas horas precisa? Explica a túa resposta.

10. No texto fálanos de que a través da xanela víanse nubes. Como ben saberedes as nubes non sempre teñen as mesmas formas, iso depende da altura á que se atopen e así teñen diferentes nomes.




NIMBOSTRATOS ESTRATOCÚMULOS ESTRATOS
CIRROS CIRROCÚMULOS CIRROSTRATOS



11. O noso día ten 24 horas, mais non sempre se ve o sol, ás veces vemos as estrelas e a lúa. Explica por que pasa isto e porque hai diferentes estacións no ano.

12. Saberías debuxar a parte sombreada de cada un destes obxectos. Repara ben por onde lles dá o sol.




13. Mira pola fiestra, observa o ceo e fai o debuxo do que ves. Coloréao.



14. Na seguinte relación de nomes de árbores localiza e arrodea as froiteiras e completa.

BIDUEIRO PEREIRA PIÑEIRO MACEIRA
ABETO ACIÑEIRA BANANEIRA LARANXEIRA
FIGUEIRA CIPRÉS AMEIXEIRA CARBALLO



P _ _ _ _ _
M _ _ _ _ _
F _ _ _ _ _
B _ _ _ _ _
A _ _ _ _ _
L _ _ _ _ _



A _ _ _ _ _
P _ _ _ _ _
A _ _ _ _ _
B _ _ _ _ _
C _ _ _ _ _
C _ _ _ _ _

15. A algunhas árbores cáenlles as follas e a outras non. Clasifica estas árbores segundo sexan de folla caduca ou perenne.

AMENDOEIRA CIPRÉS CASTIÑEIRO PIÑEIRO
OLIVEIRA NOGUEIRA SOBREIRA CARBALLO

FOLLA PERENNE



C _ _ _ _ _
P _ _ _ _ _
O _ _ _ _ _
S _ _ _ _ _

FOLLA CADUCA


C _ _ _ _ _
C _ _ _ _ _
N _ _ _ _ _
A _ _ _ _ _

16. Arrodea o nome de oito insectos e completa o nome de dous deles. Colorea.

**FORMIGA ABELLA CANGREXO BOLBORETA OURIZO
 MOSQUITO XOANIÑA CABALIÑO DO DEMO VERME
 CEMPÉS VAGALUME MIÑOCA XARDA XÍLGARO**



17. Os insectos son animais invertebrados que teñen moitas clasificacións, entre outras as seguintes:



PTERIGOTOS, insectos que teñen ás
APTERIGOTOS, insectos que non teñen ás

Clasifica estes insectos segundo teñan ou non teñan ás.

**PIOLLO MOSCA CHINCHE PULGA FORMIGA
 SALTÓN XOANIÑA BOLBORETA**

PTERIGOTOS

M _ _ _ _ _
S _ _ _ _ _
X _ _ _ _ _
B _ _ _ _ _

APTERIGOTOS

P _ _ _ _ _
C _ _ _ _ _
P _ _ _ _ _
F _ _ _ _ _

18. Localiza no texto dúas palabras esdrúxulas, cinco graves e outras cinco agudas. Explica por que levan ou non levan acento.

ESDRÚXULAS

CANDO SE ACENTÚAN?

GRAVES

CANDO SE ACENTÚAN?

AGUDAS

CANDO SE ACENTÚAN?

AS CHAVES DO TEMPO

Era A Cidade por aquel entón un núcleo moi reducido e fechado de familias que frecuentaban os mesmos lugares, as mesmas igrexas, o Casino, o Náutico, un par de rúas de paseo, os xardíns de Méndez Núñez...

Os meus pais, que xa foran á Arxentina e voltaran cuns aforros, abondos para poñer un negocio e construír un par de edificios, deixaron a aldea e establecéronse alí.

Eles traballaban arreo nos seus plans, algo para min non moi determinado pero que mencionaban todos os días baixo a denominación de «mellorar».

Sei que dentro deses plans estaba a miña carreira de Dereito e o explícito desexo da miña nai de que lograse algún día entrar no pequeno círculo de señores que levaban as súas fillas do brazo polo xardín, ensaiando xa desde moi novas o paseo que finalmente as levaría ante o altar da colexiata.

ACTIVIDADES

1. Comprendiches o texto?

► Como era A Cidade naquela época?

► A onde foran seus pais?

► Cal era o motivo de que seus pais traballasen arreo?

► Que carreira querían que estudase?

2. De que cidade fala o texto? Colorea.



3. «Era un núcleo reducido e pechado». Que quiere decir a auto-
ra? Colorea a resposta correcta.

Que A Cidade tiña poucos habitantes

Que só contaban as familias ricas e cultas

Que había unhas murallas enormes e altas

4. Os pais da rapaza querían que esta fixera a carreira universi-
taria de Dereito. Busca na sopa de letras outras carreiras uni-
versitarias que figuran no recadro.

**DEREITO
MEDICINA
ENFERMARÍA
AERONÁUTICA
MATEMÁTICAS
INFORMÁTICA
MAXISTERIO**

Z	M	A	X	I	S	T	E	R	I	O
G	D	S	Z	L	R	Q	V	N	D	F
A	E	R	O	N	A	U	T	I	C	A
N	R	X	M	V	T	Ñ	H	D	U	L
M	E	D	I	C	I	N	A	G	N	N
L	I	C	H	Z	L	Q	X	B	T	D
B	T	M	F	C	S	R	T	V	P	S
V	O	Ñ	G	L	H	Z	B	F	O	X
M	A	T	E	M	A	T	I	C	A	S
Z	E	N	F	E	R	M	A	R	I	A
I	N	F	O	R	M	A	T	I	C	A



5. Que pretendían os pais con todos eses esforzos? Colorea.



6. Localiza nesta sopa de letras algunha das cousas que se precisan para ser feliz e que figuran no recadro.

**SAÚDE SOLIDARIEDADE AGARIMO AMIZADE
EMPATÍA DESCANSO MOVEMENTO**



7. A Coruña ten moitos lugares por onde pasear. Relaciona os lugares de paseo coa localidade que lle corresponde.

AS MURALLAS ROMANAS ☐

O RÍO LÉREZ ☐

O MONTE DO CASTRO ☐

A FONTE DAS BURGAS ☐

O CASTELO DE SAN FELIPE ☐

A ALAMEDA ☐

A TORRE DE HÉRCULES ☐

☐ **SANTIAGO**

☐ **PONTEVEDRA**

☐ **FERROL**

☐ **OURENSE**

☐ **A CORUÑA**

☐ **LUGO**


☐ **VIGO**

8. Observa os planos e relaciona e completa.

PLANO DA VIVENDA ☐

PLANO DO EDIFICIO ☐

PLANO DA CIDADE ☐



9. En Galicia, durante moitos anos, a xente marchaba a outros países gañar cartos e buscar unha vida mellor. Algúns destes países foron A Arxentina, O Brasil, Cuba, Francia, Suíza, Alemaña e Gran Bretaña.


Localiza no caldo de letras o nome das súas capitais e completa o recadro inferior.



PAÍS


CAPITAL

A ARXENTINA



B _ _ A _ _ _ _

CUBA



A H _ _ _ _ _

ALEMAÑA



B _ _ _ _ _

SUÍZA



B _ _ _ _

FRANCIA



P _ _ _ _

GRAN BRETAÑA



L _ _ _ _ _

O BRASIL



B _ _ _ _ _

10. Cando as persoas migran levan costumes e tradicións do seu país pero tamén se acostuman ás propias do país de destino. Relaciona cada país coa súa comida típica... e investiga como se fai cada unha delas.

MÉXICO ■
A ARXENTINA ■
ALEMAÑA ■
O BRASIL ■
FRANCIA ■
SUÍZA ■
CUBA ■

■ **FONDUE**
■ **DOCE DE LEITE**
■ **EISBEIN**
■ **TAMALES**
■ **FEIXOADA**
■ **ESCARGOTS**
■ **ENCHILADA**

11. Que dúas semellanzas e que dúas diferenzas atopas entre estas dúas fotos?



AS SEMELLANZAS

AS DIFERENZAS


12. Amais da Arxentina, coñeces un par de países máis onde falen castelán? Por certo, en que continente queda A Arxentina?

13. Que é a emigración?

E a inmigración?


Algún familiar teu emigrou? A que país foi?

14. Se en Galicia emigraron ao longo dos tempos 498.750 persoas e, anos despois, voltaron 299.876. Calcula cantas quedaron na emigración. E se uns anos despois voltaron outras 122.315 máis, cantas persoas emigrantes galegas quedarían?




15. Completa cos nomes dalgúns barrios coruñeses que aparecen no recadro.

**EIRÍS VIOÑO MONELOS TORRE ROSAIS MONTEALTO
CASTROS SARDIÑEIRA ELVIÑA MATOGRANDE MALLOS**



16. Resolve este encrucillado cos nomes de localidades, barrios e monumentos das catro provincias galegas.



HORIZONTAIS

1. Barrio da Coruña onde está a Torre de Hércules.
2. Neste barrio de Vigo botan uns fermosos foguetes no verán.
3. É unha igrexa moi representativa de Pontevedra, é a igrexa da...
4. En Ourense hai unhas fontes de augas termais, son as fontes das...
5. Muros altos e grosos que arrodean a cidade de Lugo.

1. MONTE ALTO 2. BOUZAS 3. PEREGRINA 4. BURGAS 5. MURALLAS